




RESUMO EN LECTURA FÁCIL DA OBRA DE



O CHARCO DE ULISES

Santiago Cortegoso é o escritor da obra
Marián Bañobre e Santiago Cortegoso son os directores da obra

Índice

Presentación.....	páxina 4
A obra de teatro O charco de Ulises.....	páxina 5
As actrices e os actores.....	páxina 6
Que nos conta esta obra de teatro.....	páxina 7
Quen son as personaxes da obra de teatro.....	páxina 8
Como é o escenario?.....	páxina 10
Canto dura a obra de teatro?.....	páxina 11

Presentación

Este documento é o programa de man dunha obra de teatro.
Un programa de man dunha obra de teatro é un documento
que recolle información sobre esa obra de teatro
por exemplo, o nome das personaxes
e o tema da obra de teatro.

O título desta obra de teatro é **O charco de Ulises**.

O Centro Dramático Galego organiza esta obra de teatro.

O Centro Dramático Galego é unha compañía de teatro.

As compañías de teatro son un grupo de persoas
que fan obras de teatro.

O Centro Dramático Galego fai obras de teatro en galego.

O Centro Dramático Galego é Xunta de Galicia
e comezou a traballar no ano 1984.

O Centro Dramático Galego está no Salón Teatro.

O Salón Teatro está na Rúa Nova en Santiago de Compostela.

O Centro Dramático Galego organiza:

- Obras de teatro de escritoras e escritores galegos.
- Obras de teatro de escritoras e escritores importantes de todos os países.
- Obras de teatro para nenas e nenos.

O Centro Dramático Galego quere
que todas as persoas poidan ir ao teatro.

Tamén quere que as persoas coñezan ós profesionais
que traballan nas obras de teatro.

A obra de teatro O charco de Ulises

A obra de teatro O charco de Ulises baséase no poema A Odisea do escritor Homero.

Homero é un escritor grego que viviu hai moitos anos.

A Odisea conta as viaxes de Ulises despois de loitar na Guerra de Troia.

Ulises ganou a guerra contra a cidade de Troia porque entrou na cidade cos seus guerreiros escondido nun cabalo de madeira.

O charco de Ulises fala da emigración a América dos galegos e galegas.

Santiago Cortegoso é o escritor da obra de teatro O charco de Ulises. Marián Bañobre é Santiago Cortegoso son os directores desta obra de teatro.



Marián Bañobre




Santiago Cortegoso

As actrices e os actores



Óscar Allo



Miguel Borines



Mónica Camaño




Rosalía Castro



Raquel Espada



Manuel Millán



Fran Paredes



Chusa Pérez
de Vallejo



Inés Salvado Gontad



Paulo Serantes

Que nos conta esta obra de teatro?

A obra de teatro O charco de Ulises conta a viaxe de Ulises por diferentes illas.

Penélope é a muller de Ulises.
Está en Ítaca esperando que Ulises volva da súa viaxe.

Telémaco é o fillo de Ulises.
Ao principio da obra de teatro Telémaco vai buscar ao seu pai.
Telémaco visita a Néstor e despois a Menelao e a Helena para preguntarlles onde está o seu pai.

Ulises é un emigrante que viaxa de illa en illa.
Vive moitas aventuras nestas illas
e coñece a moitas persoas
por exemplo:

- Calipso que é a muller da auga.
- Circe que é a muller do lume.
- Nausícaa que é a muller do aire.

Ulises volve á súa casa en Ítaca
pero o seu pai non o recoñece.

Mereceulle a pena a Ulises a súa viaxe?

Quen son as personaxes da obra de teatro?



Telémaco
Fillo de Ulises.



Néstor
Compañeiro de Ulises
na guerra de Troia.
Telémaco vaineo visitar
para preguntar por Ulises.



Helena
Muller de Menelao.
Telémaco vai a visitala
para preguntarlle por Ulises.



Circe
Muller do Lume.
Amante de Ulises.
Quere que Ulises quede na súa illa.



Nausícaa
Muller do aire.
Ulises namórase dela.



Laertes
Pai de Ulises.



Ulises
Marido de Penélope
e pai de Telémaco.



Calipso
Muller da auga.
Quere que Ulises quede na súa illa.



Penélope
Muller de Ulises.



Euríloco
Compañeiro
de viaxe de Ulises.

Como é o escenario?

O escenario da obra de teatro cambia moitas veces.
Por exemplo cada illa pola que pasa Ulises
ten un escenario diferente.



Canto dura a obra de teatro?

Esta obra de teatro dura unha hora corenta.



Adaptación a lectura fácil:

Texto redactado segundo as pautas de lectura fácil de Inclusion Europe e a norma UNE 153101 EX por FADEMGA Plena inclusión Galicia.

Validación:

FADEMGA Plena inclusión Galicia

Logotipo europeo de lectura fácil na portada

© Inclusion Europe.

Máis información en www.inclusion-europe.org/etr

